



Ponteceso organiza unha festa para o fin de curso das Escolas Deportivas Municipais

O venres 27 de maio o pavillón municipal acollerá exhibicións de todos os deportes e actividades lúdicas para os asistentes

Ponteceso, a 19 de maio do 2022

O Concello de Ponteceso organiza para o vindeiro venres, 27 de maio, a clausura do curso das Escolas Deportivas Municipais. Desde ás 17.00 horas o pavillón municipal acollerá exhibicións con todos os deportistas que neste curso pasaron polas escolas e ao remate haberá actividade lúdica para todos os asistentes.

O encontro comezará as 17.00 cunha presentación que irá seguida de exhibicións de tiro con arco, judo e danza. Para a demostración de patín sairán os Peques, Medianos e Grandes 1 e 2 de Ponte e Corme, así como Alicia Facal e Daniela Ures.

Un programa que está previsto que dure unha hora e media na que o público poderá ver todos os avances deportivos desenvolvidos ao longo deste curso.

Para rematar o encontro os nenos e nenas terán actividades lúdicas ata ás 21.00 horas con inchables e tenis de mesa entre outras actividades.